

PUANTALIZAZOS

Ao loitador Antón Vilar Ponte

Ben querido irmán e amigo: Dempois de lida a sua carta, publicada no último número de "Galicia" coido temas a obriga e o direito, de xustificar certas actitudes nosas e reutificar algúns conceptos que se desprenden da sua con respeito a nos.

Trata vostede, ou o menos interpretalo así, de xustificar a sua conduta política con respeito o ideal nazonalista. Quérenos faguer comprender vostede, que as súas autuanzas no campo repubican dóbense a unha causa de posibilidades, pra conquerir a más pronta outenzo d'os nosos anceos.

Pero non era mester, que vostede tratase de xustificar ante nos a sua posición política, posto que, nin por un soilo momento, se lle pasou pol-o pensamento a ningun d-os que na Ponda e n'AFOUCE figurámos, qu-eio impricase cambio de frente na sua concencia. Si n-algun momento, tivesemos que chegar a dubidar da reutitude ideolóxica de Antón Villar Ponte, difícil sería que voltásemos a confiar en ningún.

Si algunha vegada xuzgamos con cruceira certas posizions, non foi elo debido a que querímos conservarnos en leiras pechadas, nin moito menos que intentasemos seguir ningun noxento "camiño real". Nin unha cousa nin outra.

Respeuto o pírmemo, elo obedeciu e obedece, a que, tratando de conservar o ideal nazonalista na sua maior pureza, e desexando pr-a nosa Patria a maior chea de liberdades, doémonos de que en certos momentos, se chegue a desvirtuar ises anceos, hastra deixalos reducidos a cátivas aspiracións.

Non estamos contra-o autonomismo galego nin contra ningunha organizaçón que persiga iste ouxeto. Non podemos estalo, xa que senda a nosa ansia o melloramento da Terra, un avance calquera no conqueringo d-as suas liberdades, ten de ser pra nos fondo motivo de ledicia. Si elo non é a nosa finaída, pol-a outenzo da autonomía, daríamos tud-o noso alento y-esforzo. Pero iso non quita, pra que a tal conquista a consideremos somentes com-un paso adiante e nunca com-un fin.

A Sociedade Nazonalista Ponda e como ela o seu orgao A FOUCE teñen definidas perfeutamente a sua i-

deodoxia totalmente arredista. A liberdade integral de Galiza hastra converter a nosa Patria en Nazón soberana a que ten direito. Iste e o ideal que alentan as xentes que compomos iste grupo qu-eiquí loitamos pol-a Terra, con bastantes sacrificios por un lado e por outro, co-a insidia d-aquiles, que nos atopan un día igual a outro sin fague ningunha cras de concesos.

A reaización d'un movemento político con miras posibilistas, a outer ventaxas pra Galiza, queda pra vostedes, os qu-estan ahí n'a Terra, e se poden decatar do qu-é más comente faguer asegur as circunstanzas. Pero nos, qu-estamos eiquí a tontos milles de kilómetros, nada nos toca más que asistir con atención i-entusiasmos a tud-o que pol-o ben da Terra se faga. Ei seguir velando e loitando pol-a integridade do ideal Nazonalista.

Non somos rexionalistas nin autonomistas por que o noso fin como vai dito, e ver a Galiza totalmente ceibe e dona de si mesma; pero tud-o que sififique un paso cara-o conqueringo da nosa finaída, ser-a collido por nos con ledicia e na sua axuda poremos as nosas forzas. O que si non queremos, e que se lle queira convencer o pobo que o fin do seu camiño é un d-iseus puntos intermedios; por que logo, cambiamos novamente se lle quixer faguer avanzar, voltariase más difícil. A parte de que con razón se podería considerar defraudado.

Traballe cada cal como poida. Conquirase tud-o mais posibel pol-o d-aque aquel foi o seu pensamento de Torga, pero non se perda de vista por mor d-as mais cercanas cousas, a definitiva reaída do nazonalismo: Galiza Ceibe.

En canto a ise noxento "camiño real" pode estar seguro o querido irmán, de que tudos eiquí somos partidarios da República de Galiza.

Dempois d'ista expriación necesaria teña a seguranza que si un tanto intransixentes a veces co-aquiles que non saben conservar a liña d-un rexo ideal, temos a seguranza de poder contar nos entr-los bos e xenerosos.

Na esperanza que n-estas liñas, qued-esplicada e xustificada a nosa conduta e posición ideolóxica, reciba o meu saudo e admirazón, seu e da causa, irmán e amigo.

F. Lamas Barreiro.

FEITOS E VERBAS

A biblioteca que o sabio coengo, é eminente filólogo, don Anxel Amor Ruibál, deixa o morrer a Universidade Pontificia, ten uns catro mil volúmens, todos eles dun gran valor.

As obras que deixa sin imprentar, o escrarecido crego galego, editaráas a devandita Universidade.

....

Así com-ás, certas industrias non están tan atrasadas en Galicia.

O queixo que produce soamente a provincia de Lugo e de 4.693.432 kilos, e 1.095.580 kilos de manteiga.

Ademais produce esa provincia 73.406 kilos de queixo de cabra e 10.086 de ovellas.

....

Na fidalga vila de Noya, douse, según din o xornales galegos, unha notable conferencia que estivo a carrego do notable escritor e rexo nazonalista R. Otero Pedrayo.

— Parece que co-ese auto de outa cul-

tura, se escomenza na galeguísima villa noyesa unha laboura encaminada a voltar os esquenados valores da Terra.

....

O "Centro Cultural Obrero" de Sada fixo entrega o gobernador civil da Cruña do pedido dun porto de refuxio pra os barcos de pesca, n-esa vila mariñeira.

Fai xá anos que Sada, o mesmo que outras vilas das rías altas, ven pedindo ese mellora tan xusta co-ma necesaria, e na Cruña com-a decote fanse os xordos.

....

A "Federación Agraria de Tuy" fixo publico un valente manifesto, recordando o oito aniversario dos mortos de Sobredo, victimas do noxento caciquismo, que ainda non morreu en Galicia.

Outras agrupacións agrarias da provincia de Pontevedra, recordaron tamén a data, con diferentes autos de propaganda.

INSISTINDO

Badoces e Reacionarios

AVANZADOS —

Moitas vegadas, amigo leitor, terás-te atopado con individuos que maximando seren avanzados e democratas, en tanto se lles fala de nazonalismo, contraen os nífras, estarrican o pescozo e din con un ar de sete cencias:

—Fuxo, d-ahi; iso é un ideal pequeno e "retrógrado".

Pensa, amigo leitor, que o individuo que así razona é un badoco ou un reacionario, ou pode ser as duas cousas a un tempo.

Si lles pides esplicazons sairán seguramente con aquiles tópicos revelados e retirados xa da circulación pol-a moderna democracia universal:

—Os nazonalistas queren creiar novas fronteiras; a patria é o mundo; a familia é a humanidade; idioma, chegará o tempo en que non ha de haber mais que un para tudolos homes da terra".

E dimpois de haber esgrimido istes argumentos (.) fican tan descansados maximando que deixaron dito unha grande cousa; pero en realidade no dixerón ren: viven en Babia.

Son badoces, torpes, rudos, pois non saben que a patria non-a determinan os homes, simón a Natureza.

Son reacionarios, porque querían trocar a humanidade nun coartel ou en un hospicio.

PATRIAS —

A patria, a verdadeira patria, ten por base a familia, e como cunxunto de familias, o pobo, e como conxunto de pobos, a comarca, e como conxunto de comarcas a patria, onde son unhos os mesmos costumes, a mesma lingua, iguales tradizons,igoal histórica, as mesmas ledicias e iguales tristuras. E estas patrias teñen o seu nome dentro do Universo como o teñen os individuos dentro da sociedade, e nosoutros eiquí i-en tudolos países somos e seremos galegos porque fumos nados e vivimos en Galiza.

Presterdam afogar no nome de un universalismo istes grupos humanos, istas entidades ben definidas pol-a natureza, é sinxelamente reacionario e tiránico, e querer consagrar a obra despótica dos grandes estados, ladrós de pobos.

O tópico da patria universal pode servir para enganar mentalidades anémicas, pero non cerebros que pensen.

FEDERACION UNIVERSAL —

Frente istes arcaismos nosoutros oponemos o ideal de unha Federación Universal pactada entre todalas nazonalidades, previamente libres, da terra.

Ista é a teoria perfectamente liberal, aceitada por todalas escolas socialistas do mundo e reafirmada pol-a Terceira Internazonal de Moscou.

Kropotkin reconoce que para chegar a emancipación humán é necesario antes o recoñecemento pleno de tudalas entidades naturales polos homes libremente constituídos.

Eliseo Reclús afirma que o día que cada grupo ou raza natural teña conquidera a sua independencia, habera-se dado o grande paso pra chegar a paz universal.

Entón, os nazonalistas galegos, que traballamos pol-a independenzá de Galiza, non faguemos mais que labourar pol-a emancipación humán.

Pol-tanto, os que combaten o noso nazonalismo son, ademais de torpes e reacionarios, unhos esclavos conscientes, unha rémora pr-o progreso humán e un estorbo pra arrecadar a positiva paz universal.

R. I. C.

**Reparto de Bizcoitos a Vainilla
Especialidade en Budín Inglés**
CARAMELOS E BOMBONS
URBANO HERMIDA
GAONA 186 U. T. 60 - 2136

PRA PASAR BEN A VACACIOS

Hotel BOS AIRES

de XOSE A. MORADO

Avenida 18 de Julio 904 esq. Convención

MONTEVÍDEO

Teléfono La Uruguay 2582 Central

O mellor situado, con habitacions independentes e confortabres.

Cociña de pirmeira, e variada todolos días.

PRECIO 6 PESOS m.n. ARG. POR PERSONA E POR DIA.

